


# 26 NOV 2022

 Pavillón de Pontepedriña  
Santiago de Compostela

I Torneo do Ranking  
Galego de Espada M-17  
feminino e masculino

II Encontro Liga de  
Miniesgrima de Espada  
M-11 e M-13



I Torneo do Ranking Galego de Espada M-17, feminino e masculino  
II Encontro Liga de Miniesgrima de Espada M-11 e M-13



Federación Gallega de Esgrima

## INSCRICIÓN

A inscrición é imprescindible para participar, e poderá efectuarse ata o xoves 17 de novembro ás 20:00, segundo o [procedemento de inscrición a torneos](#) establecido pola Federación Galega de Esgrima (FGE).

## SEDE

O Concello de Santiago de Compostela cede o [Pavillón de Pontepedriña](#). Rúa do Escultor Camilo Otero. Coordenadas GPS: 42.867249, -8.546111

## PROGRAMA

Categoría	Chamada	Inicio
Directorio técnico e organización		09:00
Espada mixta M13 (espada curta)	09:30	10:00
Entregas de premios M13		12:30
Espada mixta M11	12:40	13:00
Espada masculina M17	14:00	14:30
Espada feminina M17	15:30	16:00

Os horarios son provisionais, podendo sufrir variacións en función da inscrición. De haber cambios, confirmaranse ao rematar o período de inscrición ou á maior brevidade posible.

Entrega de premios ao rematar cada categoría. De acordo coa normativa vixente, a competición de categoría M11 non comezarán ata que remate a de categoría M13. As competicións de categoría feminina poderían solaparse coas de categoría masculina se a inscrición e o aforo o permiten.

## ARBITRAXE

Os clubs achegarán OBRIGATORIAMENTE os árbitros establecidos na normativa vixente da FGE en función da **inscrición**. Se a inscrición non require a achega de árbitro, o club abonará 10€ por deportista como taxa de arbitraje, ou terá a opción (unicamente si o comunica no momento da inscrición) de achegar un árbitro. Os clubs que non aporten os árbitros requiridos pola normativa deberán reducir a súa inscrición ata o seu cumprimento.

A efectos de achega de árbitros, computarase a inscrición de cada club en tódalas categorías coincidentes en horario. De acordo coa normativa vixente, os árbitros deberán estar a disposición da organización durante todo o evento. Os árbitros aportados deben estar habilitados para dirixir asaltos de todas as categorías concorrentes. Se algún club ten problema para localizar árbitros dispoñibles, por favor, [consultar coa organización](#).